



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

'A oportunidade do agarimo' fía a imaxe da sexta edición do Camiño Escena Norte, que amplía a súa aposta polo intercambio cultural coa incorporación da ilustración ao seu cartel

A navarra Leire Urbeltz é a autora da imaxe da nova edición do CEN, que terá lugar do 13 de setembro ao 27 de outubro en Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra

A rede de estancias artísticas e profesionais Cruzamentos apoiará este ano os proxectos 'El vacío que llena', da compañía galega Furia Sotelo con Babirusa Danza, e 'Fronteras que hay que cruzar', de Hika Teatroa con Led Silhouette

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2024.- Camiño Escena Norte amplía o seu compromiso co intercambio cultural entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, poñendo o foco nas ilustradoras e ilustradores. Así, desde a súa vindeira edición, que se celebrará do 13 de setembro ao 27 de outubro, **a imaxe do programa de artes escénicas será creada cada ano por artistas dos territorios CEN**. Inaugura esta etapa a creadora navarra **Leire Urbeltz** (Iruña, 1985) cun inspirador cartel que, nas súas palabras, "aspira a representar a esencia dun traballo tan comprometido e emocionante como o que acontece detrás do pano dun escenario".

Para Leire Urbeltz, participar na **imaxe de Camiño Escena Norte**, que conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), "supón alcanzar visibilidade en comunidades autónomas onde o meu traballo non chegou até o de agora". "Síntome moi agradecida e ilusionada por abrir o ciclo de ilustradoras das diferentes comunidades autónomas que achegarán a súa arte a través da imaxe do CEN", sinala a artista.

O cartel do CEN inclúe o lema desta sexta edición, que nesta ocasión é **A oportunidade do agarimo**, unha frase que recolle dous conceptos fundamentais para o Camiño Escena Norte. Por unha banda, a idea do momento e ocasión, xa que é un **programa cultural que abre novas oportunidades**, retos, formas de facer e posibilidades ao sector das artes escénicas. E, por outra banda, o afecto, agarimo e coidado con que se crea

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

CEN, proxecto creado desde a comunidade escénica, desde o sector, desde o horizontal.

CRUZAMENTOS

Alén do programa de exhibición **Constelacións** -anunciado no mes de maio, e no que participarán as galegas Colectivo Glovo, Ibuprofeno Teatro e Píscore Teatro- no marco do CEN 2024 terá lugar unha nova edición do programa **Cruzamentos**, unha das pezas angulares do proxecto e que ten como obxectivo fundamental promover o **intercambio escénico, artístico e profesional entre as compañías dos territorios CEN**.

Este ano, a rede de estancias artísticas e profesionais que promove a creación, a investigación e a formación escénica, reforzouse ofrecendo ás compañías un acompañamento de até 9.000 euros por proxecto. Ademais, flexibilizáronse as bases da convocatoria coa intención de acoller propostas de cooperación diversas e transversais. Finalmente, e de cara á sexta edición do CEN, **Cruzamentos** acollerá dous proxectos, que foron seleccionados entre os 18 presentados, e nos que estaban implicadas máis de 30 compañías dos cinco territorios CEN. A comisión de avaliación que escolleu as propostas contou coa participación de profesionais de prestixio, como é o caso da dramaturga e directora adxunta do Centro Dramático Nacional, **Fefa Noia**, e da bailarina e responsable de desenvolvemento de proxectos de Dantzaz Centro de Creación Coreográfica Internacional, **Bertha Bermúdez**.

Así, **El vacío que llena**, da compañía galega **Furia Sotelo** en colaboración coa cántabra **Babirusa Danza**, desenvolverase entre do 14 ao 22 de outubro en A Casa Vella (Amiadoso, Ourense), un espazo de creación artística, encontro, mediación e dinamización do contexto rural. Ademais, **Fronteras que hay que cruzar**, dos vascos **Hika Teatroa** xunto á compañía navarra **Led Silhouette**, terá o seu desenvolvemento no Centro Cultural Egia (Donostia) entre o 23 e o 29 de setembro.

En anteriores edicións de **Cruzamentos**, distintas compañías de Galicia tiveron ocasión de convivir profesionalmente e compartir coñecemento con artistas doutros territorios. Foi o caso de **Marta Alonso Tejada**, **Paula Quintas Cía.**, **Os Náufragos Teatro**, **Kirenía Danza**, **Olivas Negras**, **Ibuprofeno Teatro**, **Caramuxo Teatro**, **Pedras de Cartón** ou **ButacaZero**. Esta última traballou no 2022 precisamente coa vasca Hika Teatroa sobre un espectáculo que se estreou no Centro Dramático Nacional na pasada tempada e que xirou por Galicia esta primavera: **Iribarne**.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camino
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

CAMIÑO ESCENA NORTE

CEN naceu co obxectivo de promover o intercambio cultural a través das artes escénicas, tomando como referencia e fío condutor os camiños que transitan polo norte da Península Ibérica e que teñen, como destino final, Santiago de Compostela. Desde a súa primeira edición, celebrada en 2019, CEN levou o teatro, a danza, as artes do movemento e o novo circo **a escenarios afastados, en moitos casos, dos circuitos habituais de programación**, favorecendo así o acceso a este tipo de propostas á veciñanza de diferentes municipios e localidades.

CEN é unha iniciativa promovida polas propias **asociacións profesionais de produtoras de artes escénicas** Escena Galega (Galicia), EscenAsturias (Asturias), ACEPAE (Cantabria), Eskena (Euskadi) e ESNA (Navarra). Todas elas únense na supraentidade Camino Escena Norte Agrupación de Interese Económico, creada especificamente para o desenvolvemento, xestión e produción deste proxecto.

Para máis información sobre CEN:

Lucía Pita | Prensa CEN Galicia 2024

675 404 321 | lucia.pita@theofficeco.es

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com

